



## Novo Cupra Formentor



## VAYPERautomoción

Cruceiro da Coruña, 203 • Santiago  
Vía Pasteur, 46 - 48 • Polígono do Tambre • Santiago  
Tel. 981 93 73 49 • [www.vayperautomocion.com](http://www.vayperautomocion.com)

Mecánica en xeral: taller | chapa | pintura | electricidade | ITV | pneumáticos | aire acondicionado  
cambio de aceite | vehículos de ocasión | reparación de vehículos de flota

Hemos venido  
a jugar



Nuevo T-Cross  
Llévatelo a casa  
Con My Way

La Vida son experiencias, llénala de color



Yáñez

📍 Coruña - Santiago - Ferrol  
☎ 981 980 970  
🌐 [www.yanez.es](http://www.yanez.es)

# SUMARIO

NOVAS

6



ENTREVISTA » 20  
ÁNGEL CASTRO CEO DE ACAR

NOVAS » 6  
6, 7, 8 10, 12, 14, 28



PRESENTACIÓN » 16  
NOVO CUPRA FORMENTOR

+

- 6 NOVO GOLF 50 ANIVERSARIO
- MASERATI GRAN CABRIO
- FOLGORE
- CITROËN ENTRA NO MERCADO DOS B-SUV CO C3 AIRCROSS
- 7 SERIE ESPECIAL DO HURACÁN STERRATO
- 8 NOVO OPEL GRANDLAND
- PEUGEOT E-308 ESTREA A SERIE E-STYLE
- NOVO CAYENNE GRAN TURISMO SPORT (GTS)
- 10 ACTUALIZACIÓN DO LEXUS UX, CHEGA O 300H
- CHEGAN OS JAECCO 7 E JAECCO 8
- NOVOS AUDI Q7 E Q8
- 12 O SMART #5 DESCÚBRESE EN PEQUÍN



PROBA » 20  
KAWASAKI Z-E1



RETROVISOR » 26  
AUDI 50 E FIAT 1100



## SECCIONES

EDITORIAL	3
DUAS RODAS	4
PRESENTACIÓN	16
RETROVISOR	26
COMPETICIÓN	31

VENTA ONLINE

**HCV**  
Hijos de C. V. Otero, S. L.

Gómez Ulla 16, 15702  
Santiago de Compostela (España)  
Tfn.: +34 981 56 17 40  
agencia@hcvotero.es  
www.hcvotero.es

Contigo desde 1887



BARREDORA MANUAL  
KARCHER S 6 TWIN



ASPIRADOR EN SECO Y  
HUMEDO KARCHER WD 6 PS



HIDROLIMPIADORA ALTA  
PRESIÓN HD 5/15 C

**KARCHER**

## O labirinto do coche eléctrico

O mercado da mobilidade eléctrica ten que animarse. É imprescindible para o país, pero atendendo ao que necesitan os usuarios e poñendo o marco regulatorio necesario para poder construílo entre todos. Non se trata de instalar miles de cargadores sen sentido, se non aqueles e alí onde realmente os precisen os usuarios. Son moitos os operadores, que teñen a vontade, o compromiso e o investimento, pero o sector necesita unha maior axilidade nos trámites para poder aumentar a velocidade de despregamento de infraestrutura. Unha vez máis a burocracia pon paus nas rodas do progreso.

A descarbonización da mobilidade é un obxectivo prioritario que se debe acometer de maneira progresiva. Os fabricantes de automóviles xa investiron moito en desenvolver motores substancialmente máis limpos que os de hai uns anos. Agora débese fomentar, ademais doutras opcións, a renovación do parque para que a mobilidade sexa eficiente e tecnoloxicamente punteira. Esta transformación debe ser progresiva pero sen pausa, máxime cando a infraestrutura de recarga non avanza ao ritmo desexable; débense poñer os cimentos oportunos que dean confianza ao usuario.

Hai que ser conscientes do importante que é a colaboración de todos, pero non se trata só de fabricar vehículos eléctricos, que os temos, trátase da importancia da implicación a nivel social e político de toda a sociedade para que o seu uso se normalice. Isto pasa por un maior investimento en infraestruturas e unha boa xestión do cambio de modelo.

Os datos están a demostrar que un plan estable de axudas para a compra dun coche eléctrico non é suficiente. Fai falla que os usuarios reciban estas axudas de forma inmediata no momento de mercar o vehículo e que sexan fiscalmente vantaxosas, como fixeron os países do noso ao redor, onde realmente conseguiron incentivar as vendas de vehículos de cero emisións con outro tipo de propostas fiscais máis directas e efectivas. Se queremos acelerar a transición cara a unha mobilidade sen emisións, temos que ser máis ambiciosos na velocidade da transformación.

Por outra banda, temos claro que o sector se atopa nun momento de cambio sen precedentes, nos que prima a dixitalización e a descarbonización. Estas son oportunidades, pero tamén teñen riscos.

Precisamos máis ferramentas para non perder o 2024 e que avogue por unha mobilidade que satisfaga as necesidades de persoas e empresas por igual, que fomente a innovación sen prexuízos tecnolóxicos e que, redunde en maior riqueza para o país.

Europa e en particular a súa industria automobilística atópase nun proceso de mudanza integral no marco dunha economía máis descarbonizada na que o vehículo eléctrico xogará un papel clave. todo iso supón un reto tecnolóxico, de *reskilling* e, tamén de grandes investimentos. Nesta carreira, tanto China como USA gozan hoxe en día de bastantes vantaxes fronte á industria europea. Ben por unha banda pola recente posta en marcha nos Estados Unidos da IRA (Inflation Reduction Act) ou doutra polo forte control de etapas con alto valor engadido na cadea de valor do automóbil eléctrico que goza China, en especial materias primas e procesos de refinado destas.

Tamén temos que ter en consideración que a innovación baseada en intelixencia artificial e conectividade 5G empeza a ofrecer transformacións extraordinarias á industria do automóbil. A medida que a nosa comprensión do que define a un "vehículo" esténdese máis aló do motor e as pezas mecánicas, as características de conducción intelixente que melloran a comodidade e o goce, incluídos os sistemas de información e entretemento, a telemática e os sistemas avanzados de asistencia ao condutor estanse a converter rapidamente na norma. Nestas tecnoloxías tamén China e USA van moi por diante da industria europea.

O panorama en España aínda é máis complicado, ou atrasado. O noso país aínda non está preparado e debe acelerar para non quedarse atrás con respecto ao resto de Europa en penetración do coche eléctrico no mercado. É necesario poñer en marcha un conxunto de medidas en materia de fiscalidade, instalación de infraestrutura de recarga e mellora dos plans de axudas públicas con carácter de urxencia. A industria nacional de automoción demostrou no pasado resiliencia, flexibilidade e adaptación ao cambio, cunha habilidade especial para traballar en equipo e xestionar. É o momento perfecto para poñelo en valor e demostrar ao mundo que merecemos estar nos postos de cabeza. Non será doado.



### Editor:

Arrincamos, S.L.

### Director:

Xurxo Sobrino Morán

### Redactores

#### e Colaboradores:

Miguel Cumbras, Sevi Martínez, Antón Pereira, Xabier Vilariño, Xose Arufe, Luis Penido, Luís Rivero de Aguilar, Uxía Queiruga, Nacho Carballeira, Daniel G. Palau

### Deseño e maquetación:

Juan Feáns

[www.juanfeans.com](http://www.juanfeans.com)

### SPRINT MOTOR:

**SPRINT MOTOR**

Avda. da Liberdade, nº16, 4ªA  
15706 - Santiago de Compostela  
Tfno.: 669 277 050  
[redaccion@sprintmotor.com](mailto:redaccion@sprintmotor.com)  
[www.sprintmotor.com](http://www.sprintmotor.com)

### IMPRIME:

Tórculo Comunicación Gráfica

Depósito Legal: C-138/97

## Especialistas en coches de ocasión



**COMPOSCAR**  
Nos importa tu tiempo!



Rúa María de los Ángeles de la Gandara, nº24 Pol. de Boisaca - 15890 Santiago - Tel.: 881 956 626

## O sexto monumento do ciclismo

■ MIGUEL DEL MORTIROLO | Texto e Foto

Cada primavera durante a disputa das clásicas xurde a pregunta de cal é o sexto monumento do ciclismo.

Mentres de maio a setembro as grandes voltas, Giro, Tour e Vuelta son as protagonistas, en primavera e outono sobresaen as carreiras de un día, as clásicas, e dentro delas sobresaen cinco probas que se coñecen como "os cinco monumentos" as cales son a Milán - San Remo, Tour de Flandes, París - Roubaix, Lieja - Bastoña - Lieja e Giro de Lombardía. As catro primeiras dispútanse en primavera e o Giro de Lombardía en outono.

Estas probas caracterízanse pola súa tradición, a Lieja - Bastoña - Lieja vense disputando dende 1892, a máis recente das cinco é o Tour de Flandes que se empezou a disputar en 1913. Así que todas as probas contan con máis de cen anos de historia, algo que fai que sexan especiais.

Sempre se fala de cal sería o sexto monumento, e moitas persoas opinan que sería a Strade Bianche, unha proba que se disputa na rexión de Toscana, en Italia, dende o 2007. Destaca porque varios quilómetros da proba discorren sobre sterrato, un camiño



de terra sen asfaltar. Pero algunhas persoas opinan que o sexto monumento sería a Tro Bro Leon, que se disputa no departamento de Finisterre, na Bretaña francesa, dende

1984. Faino sobre camiños rurais bretóns denominados 'ribinou', é unha carreira moi visual como pode ser a París - Roubaix.

### Brezza jet de Acerbis

Deseñado para moverse na contorna metropolitana o Brezza jet ten un deseño compacto, que atopa o seu sitio nos compartimentos baixo o asento de menor capacidade.

A carcasa interior, dispoñible en dous tamaños, combínase cun acolchado de material hipolaxénico,

extraíble e lavable, que fai que o Brezza sexa moi cómodo. O sistema de peche baséase nunha práctica correa con axuste micrométrico e liberación rápida. Preséntase en cinco cores: azul, negro, verde militar, vermello e branco. Dispoñible en cinco talles cun prezo de 70 €.



### Chaqueta The Maverik Lady

A chaqueta de motorista The Maverik Lady de By City é versátil. Unha cazadora de muller de alta calidade, confeccionada en resistente cordura para unha protección duradeira. Equipada con cinco petos exteriores, axustes elásticos en cintura e puños, e dobre cremallera central metálica YKK para un estilo funcional. Inclúe

proteccións desmontables certificadas para cúbados e ombreiros. Cores: azul e verde. Prezo: 218 €.



### ASA de BMW

O Asistente de Cambio Automatizado (ASA) presenta un enxeñoso deseño funcional no que dous actuadores electromecánicos automatizan o embrague e o cambio da transmisión de 6 velocidades, que é a principal diferenza cun asistente de cambio convencional. Non é necesario utilizar unha panca manual para accionar o embrague.

A condución co asistente de cambio automatizado resulta máis agradable grazas ás secuencias de

cambio rápidas, adaptadas ás revolucións e á carga. A carga de traballo do condutor redúcese, o que fai que a condución sexa aínda máis agradable. No modo de cambio «M», os cambios de marcha pódense seguir facendo co pé, permitindo ao piloto decidir cando cambiar de marcha. No modo «D», a ASA entra realmente en acción. A unidade de control do motor selecciona automaticamente os puntos de cambio.



### FELO Moto lanza a FW-03

A minimoto FW-03 (8,16cv) ten unha autonomía de ata 120 km grazas á súa capacidade de 4,18 kWh. Incorpora de serie un conector de carga tipo 2, capaz de realizar unha carga completa en 3,5 horas. Está dispoñible cunha oferta de lanzamento dende 4.995 €.



## Arcfox desembarca en Ferrol

➔ **Arcfox**, unha marca de coches chineses, reforzará a posición de Ferrol no mapa loxístico europeo. Esta marca pertence a **BAIC** (Pequín Automotive Industry Corporation), un dos cinco grupos automobilísticos máis importantes de China.

Nun acto celebrado no porto de Ferrol, Arcfox e Atium Logistic Group presentaron os catro primeiros modelos cos que se inicia a fase de distribución no noso país mediante 25 concesionarios. Tal e como confirmou a compañía, o noso país será o seu primeiro mercado europeo, seguido de Portugal.

A carteira de produtos de Arcfox está composta por catro modelos 100% eléctricos: o Alpha S (berlina de 235cv), Alpha S5 (berlina de

533cv), Koala (SUV pequeno de 161cv) e Arcfox T (SUV medio de 268cv).

Xunto con Atium Logistic Group, Arcfox estableceu o seu centro loxístico de almacenamento, depósito e exportación de vehículos nas

instalacións do porto exterior de Ferrol. Trátase dunha nave cunha superficie de 9.000 metros cadrados, coa posibilidade de aumentar o seu espazo se fose necesario.

Para o 2024 prevese que chegue dende a fábrica de

BAIC en China unha partida de 3.000 coches, aínda que todo dependerá da previsión de vendas.

Respecto aos prezos dos modelos, estarán nun rango de entre 30.000 e 60.000 €.



## Breogán Ocasión amplía a súa oferta de vehículos de ocasión

➔ **Breogán Ocasión**, referente no sector da venda de vehículos de segunda man en Galicia, anunciou unha alianza estratéxica con **Ayvens (ALD Carmarket)**, unha recoñecida plataforma de xestión de frotas de vehículos, para a distribución de vehículos de ocasión procedentes de contratos de renting xa finalizados co obxectivo de fortalecer a súa oferta e chegar a unha máis ampla variedade de necesidades dos seus clientes. Con esta unión, Breogán Ocasión ampliará o seu stock a unha selección de máis de 1.200

vehículos de entre 3 e 5 anos, provenientes de diversas

marcas líderes no mercado, ofrecendo unha gama máis

ampla de opcións de alta calidade.



## Compostela Monumental sorteou unha moto eléctrica

➔ **José R. Villaverde**, veciño do centro histórico de Santiago, é o gañador da moto eléctrica coa que a **Asociación Compostela Monumental** premia a fidelidade dos seus clientes, aproveitando a celebración do Día dos Centros históricos de España.

José Ramón realizou as súas compras na histórica óptica "La Gafa de Oro", situada na Praza do Toural, durante os meses

de decembro e xaneiro pasados. O premio conseguido é un scooter eléctrico da marca Segway, modelo E110S de cor vermella, ideal para o uso diario nunha cidade como Compostela, e que ao mesmo tempo é respectuoso co medio natural. En xuño o gañador recollerá a moto eléctrica no concesionario **Terremoto** na Rúa Triacastela de Santiago de Compostela.



## Novo Golf 50 aniversario

→ Presentado como o terceiro modelo máis vendido da historia do automóbil (máis de 37 millóns de unidades) o novo Golf actualízase para seguir sendo a referencia no seu segmento. A versión 50 Aniversario que chegará aos concesionarios durante o mes de xuño, ofrece unha maior riqueza de acabados e unha carrozaría que tamén está dispoñible en Variant. Xunto a retoques de deseño interior e exterior, a capacidade das súas baterías aumenta, ofrecendo autonomía próxima aos cen quilómetros, con posibilidade de carga rápida en corrente continua, cunha potencia de 40 kW (11 kW en corrente

alterna). O novo Golf destaca por enriba de todo polas novidades mecánicas, polo que o novo modelo comercializárase inicialmente nas seguintes versións e prezos: coa mecánica 1.5 TSI 85 kW (115cv) en acabados Golf (27.850 euros), Life (30.360 euros) e MÁS (30.560 euros) todas elas con cambio manual de seis velocidades, así como coa motorización eTSI mHEV 85kW (115cv) e cambio automático DSG de 7 velocidades, no acabados Golf (29.560 euros), Life (32.220 euros) e MÁS (32.420 euros). Volkswagen anunciou que máis adiante incorporáranse á gama os GTE, GTI, GTI Clubsport e R.



## Maserati GranCabrio Folgore

→ Na noite do luns 15 de abril, nun espectáculo denominado "Made in Thunder" (feito dun trono), Maserati puxo en escena unha nova era que anuncia o desenvolvemento de todo o potencial eléctrico da industria italiana do motor. O espectáculo contou coa música do pianista Dardust e a condución da actriz Matilda De Angelis, que xunto á astrofísica e comunicadora, Edwige Pezzulli, deron unha volta pola historia de Maserati ligándoa á historia da ciencia. Coidadosamente coidado, o evento (dispoñible agora na Internet), presentou a nova era do tridente italiano,

partindo dos valores da súa historia, que neste 2024 cumpre 110 anos.

Ao mesmo tempo Maserati empregou o evento para desvelar o GranCabrio Folgore, un convertible 100% eléctrico, do segmento de luxo e o máis rápido do mercado. Para a súa estrea o atractivo sen teito luciu unha exclusiva cor ouro rosa líquido, cunha capota branda gris titán e sofisticados interiores. Davide Grasso, CEO da marca, pechou o evento reflexionando sobre o encontro entre arte e a ciencia, que identificou como un elemento do ADN italiano, onde tamén inxire o espírito de Maserati.

## Citroën entra no mercado dos B-SUV co C3 Aircross

→ Durante o mes de abril apareceron as primeiras imaxes do novo C3 Aircross, presentando un novo concepto para posicionarse no competitivo segmento dos B-SUV. Coa vista posta neste obxectivo o novo de Citroën cambia de dimensións para alcanzar unha lonxitude de 4,39 metros, o que proporciona un maior espazo interior, que ofrece ata sete prazas. As equilibradas proporcións da súa silueta deixan entrever unha distancia entre eixos moi longa, a maior da súa categoría. Isto permite un

maior espazo para as pernas dos pasaxeiros traseiros, reforzando a aposta pola habitabilidade e liña familiar do vehículo. Con todo, o C3 Aircross segue sendo moi compacto, tanto para ofrecer facilidade nas manobras, gozar da condución ou aparcar sen estrés. O novo SUV B comparte a plataforma Smart Car co utilitario C3, deseñado dende o principio para acoller de forma óptima unha oferta eléctrica. Así, o C3 Aircross inscíbese perfectamente nos retos da transición enerxética.



### Serie especial do Huracán Sterrato



Durante a Semana do Deseño de Milán Lamborghini presentou unha edición limitada do Huracán Sterrato, por medio dunha serie especial denominada "All Terrain" Ad Personam. Composta por doce modelos diferenciados no seu deseño interior e exterior, cada un deles conta con decoracións exclusivas inspiradas en catro tipos de terreo aos que o Huracán Sterrato se presta: neve, area, pistas fóra do común e os desertos. As doce unidades xa foron vendidas a clientes

seleccionados dos cinco continentes.

No corazón do Huracán Sterrato está o motor V10 de 5,2 litros (610cv). O superdeportivo maximiza as súas posibilidades tanto na estrada como fóra do asfalto, grazas á combinación dunha transmisión de dobre embrague de 7 velocidades e a tracción total controlada electronicamente cun diferencial autoblocante mecánico traseiro. Acelera de 0 a 100 km/h en 3,4" e alcanza unha velocidade de 260 km/h.



### JLR e Allye Energy crean un novo sistema de almacenamento de enerxía



Froito dunha colaboración entre Jaguar Land Rover (JLR) e a start-up Allye Energy acaba de presentarse un innovador sistema de almacenamento de enerxía, que permite cargar sen emisións dende calquera lugar. Denominado Allye MAX BESS, precisa de 7 baterías de vehículos Range Rover PHEV, que son recuperadas e colocadas nun soporte especial sen necesidade de procesos

adicionais. As Allye MAX BESS poden almacenar 270 kWh, o que equivale a case un mes de consumo doméstico. Ademais, pode ser móbil ou fixo, beneficiando aos distribuidores JLR e proporcionando almacenamento de enerxía para carga rápida en áreas con conexión limitada á rede. Este sistema podería substituír os xeradores diésel en eventos e probas de vehículos, reducindo significativamente as emisións de CO2.



Das Welt Auto.



No busques. Encuentra tu coche de ocasión.



**SEAT LEON**  
1.5 TSI 150cv DSG FR  
AÑO 04/2019 - 79.034 Km

18.990 €



**SEAT ATECA**  
1.5 TSI 150CV DSG Xperience  
AÑO 3/2023 - 9.911Km

25.790 €



**CUPRA FORMENTOR**  
1.5 TSI 150CV DSG  
AÑO 04/2023 - 14.311Km

26.490 €



**SEAT ARONA**  
1.0 TSI 110cv Style  
AÑO 04/2023 - 11.400Km

16.790 €



**CUPRA LEON**  
1.5 eTSI 150CV DSG  
AÑO 12/2023 - 2.916 Km

29.990 €



**CUPRA FORMENTOR**  
1.5 TSI 150 cv DSG  
AÑO 07/2023 - 7.148 Km

27.900 €



**Compostela Motor**  
C/ Milladoiro, s/n · Compostela  
T. 981 531 243

**Marineda Motor**  
Av. Alcalde Alfonso Molina, 2 · A Coruña  
Tel. 981 173 111

**Das WeltAuto.es**  
La web de vehículos de ocasión garantizados

•Bonificación sobre PVP, IVA incluido, para clientes particulares y autónomos que financien a través de Volkswagen Bank GmbH S.E. (según condiciones contractuales) aplicable a todos los vehículos SEAT o CUPRA con hasta 2 años de antigüedad disponibles en Compostela Motor o Marineda Motor, consulte condiciones particulares de cada vehículo. Oferta válida hasta el 31/05/2024. Incompatible con otras ofertas financieras. Consulta condiciones en tu concesionario SEAT Compostela Motor y SEAT Marineda Motor.



## Novo Opel Grandland

→ Opel lanzou a nova xeración do seu SUV Grandland, cun deseño que reflicte o concepto Opel Experimental, contando cunha fabricación totalmente alemá. Baseado na plataforma STLA Medium, o Grandland Eléctrico ofrecerá unha autonomía de ata 700 km, grazas á súa nova batería de 98 kWh. A plataforma BEV garante paradas curtas para a recarga, con só 26 minutos para alcanzar o 80% da capacidade nunha estación de carga rápida. Este novo paso adiante de Opel cara á electromobidade aproveita tecnoloxía punta como a bomba de calor para

optimizar o rendemento. Máis aló da electrificación, destaca polo seu innovador sistema de iluminación Intelli-Lux Pixel HD e o uso de tecido interior PET reciclado. O novo Grandland supón un importante avance na estratexia de electrificación da marca, situándose como líder neste importante segmento do mercado. O CEO de Opel, Florian Huettl, sinalou na presentación do concept car que "O novo Grandland é un fito para a marca. Con el, todos os Opel, sen excepción, xa están dispoñibles nunha versión eléctrica. Este é un gran paso na nosa ofensiva eléctrica".



## Peugeot E-308 estrea a serie E-style

→ O Peugeot E-308 supuxo unha revolución entre as berlinas do segmento C, ao incorporar unha alternativa 100% eléctrica dende un deseño deportivo. Agora, co anuncio do lanzamento da serie especial E-Style, o Peugeot E-308 incorpora unha opción cun alto nivel de equipamento e unha aposta reforzada polo deseño, a un prezo atractivo. O Peugeot E-308 E-Style fai honra ao seu nome con detalles como a súa tapizaría Falgo TEP, con tecido trimateria e pespuntos Isabella Mistral, o seu monograma E-Style nas aletas dianteiras, o seu volante de coiro ou as súas dinámicas lamias

de aliaxe Ottawa de 18 polgadas. Ademais, coas prestacións do seu innovador motor eléctrico de 156cv (115 kW) e a bomba de calor de serie, ofrece unha autonomía WLTP de 413 quilómetros. No apartado tecnolóxico conta co posto de condución Peugeot i-Cockpit, que incorpora un volante compacto, unha pantalla de 10" (25,4 cm) integrada no cadro de mandos e un cadro de mandos dixital 2D de 10" (25,4 cm). A versión E-Style do Peugeot 308 está xa dispoñible nos concesionarios dende 31.450 euros ou 210 euros ao mes, prezos que incorporan as axudas do Plan Moves III.



## Novo Cayenne Gran Turismo Sport (GTS)

→ Porsche completa a gama Cayenne, revisada a fondo en 2023, cuns novos modelos GTS especialmente dinámicos. En versións SUV e Coupé, os novos GTS combinan un potente motor V8 biturbo de 500 cabalos de potencia (368 kW) con sistemas de chasis orientados ao máximo rendemento. Así, acelera de 0 a 100 km/h en 4,4 segundos e a súa velocidade máxima é de 275 km/h. Diseñado para a versatilidade necesaria para o día a día, o vehículo conta tamén con elementos de

deseño distintivos e un equipamento de serie mellorado. En esencia, o Cayenne é ao mesmo tempo un deportivo de altas prestacións e un todoterreo, que nos modelos

GTS redobra o potente sistema de propulsión. Xa se poden facer pedidos do novo Cayenne GTS, que ten un prezo final no noso país de 160.459 euros para o modelo

de carrozaría tradicional SUV e de 164.056 euros para o Coupé. As entregas aos clientes en Europa comezarán no verán de 2024.





# TALLERES SPRINT



Bosch Car Service

## Talleres Bastón

- Reparación de Cambios automáticos
- Adaptación de vehículos para discapacitados
- Mecánica de mantenimiento
- Electricidad
- Encendido
- Carrocería
- Frenos, ABS, ESP
- Mecánica motot

Salvadas, 23  
15705 SANTIAGO  
(A Coruña)

Tel.: 981 58 56 27  
t. baston@bosch-bcs.com  
baston@adgruporegueira.es



OPEL  
SERVICE

## ANTONIO BALIÑAS, S.L.

ventas@balinas.com  
T: 98188 16 69

A Barquiña s/n  
15830 Negreira

www.balinas.es



*Cuidamos de tu vehículo,  
cuidamos de ti ...*



**Tu taller de servicio rápido  
y mecánica en Compostela**

981 549 531

Rúa de San Cristovo, 47 (O Eixo) Santiago de Compostela



talleres pontevea

- Servicio rápido
- Mecánica
- Diagnose

- Pneumáticos
- Chapa e pintura
- Accesorios



**Gran variedad de turismos e comerciais de OCASIÓN. Visítanos!!**

Lugar Igrexa de Reis, 2 - 15883 Reis - Teo (A Coruña) • 981 809 053 / 650 196 956 • tallerespontevea@gmail.com • www.tallerespontevea.com



## Actualización do Lexus UX, chega o 300h



O mes de abril trouxo unha actualización significativa do Lexus UX, o *crossover* urbano *premium* de Lexus. A actualización 300h, conta cun sistema híbrido máis potente, melloras na seguridade e cambios no deseño tanto exterior como interior. Equipado cunha batería de ión de litio de maior capacidade, o UX 300h aumenta a súa potencia total nun oito por cento, brindando unha experiencia de condución máis dinámica e gratificante para o condutor. A introdución dun motor eléctrico traseiro máis potente, seis veces superior ao modelo anterior, mellora a resposta

do acelerador e a estabilidade do vehículo.

Ademais, realizáronse axustes para contrarrestar o ruído e as vibracións, mellorando así aínda máis a experiencia de navegación no Lexus UX. En canto á seguridade,

agregáronse novas funcións, como o Lexus Safety System +, a asistencia proactiva á condución ou o recoñecemento facial. Estas actualizacións reforzan o compromiso de Lexus coa innovación e a experiencia do condutor, mellorando

todos os indicadores, da pegada ecolóxica á velocidade máxima dispoñible.



## Chegan os Jaecoo 7 e Jaecoo 8



O Salón Internacional do automóbil de Pequín compete xa por ser o evento mundial do motor de maior importancia no planeta. Entre moitas outras novidades, na edición do 2024 realizada a finais de abril, Jaecoo aproveitou para presentar os seus novos modelos, o Jaecoo 7 e o Jaecoo 8, en versións híbridas enchufables (PHEV). O Jaecoo 7 PHEV, cun motor 1.5TGDI específico para híbridos de quinta xeración, ofrece unha potencia combinada de 255 kW (342cv) e unha autonomía eléctrica de ata 88 km, cun consumo de combustible combinado de 4,9 l/100 km. Pola súa banda, o Jaecoo 8 PHEV conta cun sistema de

propulsión aínda máis potente, alcanzando 445 kW (597cv) de potencia combinada e un par máximo de 915 Nm, o que lle permite acelerar de 0 a 100 km/h en só 5,4 segundos.

O novo de Jaecoo representa unha opción destacada no segmento dos todoterreos de novas enerxías, ofrecendo prestacións e versatilidade eléctrica, tanto na estrada como fóra dela. Cómpre anunciar que estes serán os vehículos cos que a compañía entrará ao mercado nacional no segundo cuadrimestre do 2024. Para a súa distribución en España a compañía informou de que contarán cunha ampla rede de concesionarios e servizos de posvenda.



## Novos Audi Q7 e Q8



Audi presenta os seus renovados modelos híbridos enchufables, Q7 e Q8, destacando polo grande salto adiante na súa eficiencia eléctrica. Se o Q7 é un SUV grande e espazoso, o Q8 é un SUV grande e deportivo. Ambos están equipados cun motor V6 de 3.0 litros, un potente motor eléctrico e unha batería de gran capacidade, ofrecendo unha autonomía eléctrica de ata noventa quilómetros en zonas urbanas. Ambos os modelos agora ofrecen dirección ás catro rodas para mellorar seguridade e confort, con prezos que parten dende 87.240 € para o Q7 e 102.995 € para o Q8. A nova batería de litio, situada

baixo o maleteiro, proporciona unha capacidade máxima de 25,9 kWh brutos, permitindo unha carga rápida que alcanza o 100% en aproximadamente tres horas e 45 minutos. Con potencias de sistema que van dende 290 kW ata 360 kW, os Q7 e Q8 poden acelerar de 0 a 100 km/h en 5" na súa configuración máis potente. A velocidade máxima en modo eléctrico é de 135 km/h. O equipamento de serie inclúe lamias de aliaxe, cámara de visión traseira e asistente de aparcamento. Ademais, os clientes poden acceder a unha ampla rede de puntos de recarga en 29 países europeos mediante o servizo Audi charging.





## O Smart #5 descúbrese en Pequín

→ O novo Smart Concept #5 marca a incursión da marca no segmento de SUV Premium de tamaño medio, presentándose como o seu vehículo máis versátil e espazoso ata a data. Concibido como unha resposta ás demandas dos clientes, este prototipo presentouse o pasado mes, no Salón Internacional do Automóbil de Pequín. O Smart Concept

#5 destaca pola súa avanzada tecnoloxía, fusionada coa estratexia de deseño da compañía, valorada no mundo enteiro, o que promete a súa capacidade para competir no mercado. O vehículo conta cun sistema de propulsión con tecnoloxía de 800 volts e unha batería cunha capacidade superior a 100 kWh. Isto permite unha carga súper rápida, coa capacidade de recuperar ata o 70%

do estado de carga (10-80%) en só quince minutos. Ofrece desta maneira, unha autonomía totalmente eléctrica de máis de 550 quilómetros. A

estética de Smart e a innovación tecnolóxica atópanse entre os puntos fortes para o desenvolvemento comercial futuro do Smart #5.



## Urus SE: o primeiro super SUV híbrido enchufable

→ Os analistas identifican que a experiencia de condución excepcional do Lamborghini Urus SE dáse grazas ao seu sistema de propulsión innovador. Equipado cun motor V8 biturbo redeseñado, de 620cv de potencia, combínase cun motor eléctrico de 192cv, alcanzando unha potencia total de 800cv. O vehículo introduce un sistema de vectorización do par lonxitudinal e un diferencial traseiro electrónico que melloran a tracción e a axilidade en diversas condicións de condución. Ademais, a súa batería

de ións de litio de 25,7 kWh permite unha autonomía en modo eléctrico de máis de 60 quilómetros.

O Urus acelera de 0 a 100 km/h en 3,4 segundos e alcanza unha velocidade máxima de 312 km/h. Así as cousas, estamos diante do Urus máis potente da historia, establecendo un novo estándar na categoría de Super SUV. O seu debut representa un paso significativo na innovación de Lamborghini cara á mobilidade sostible. "A misión detrás do produto era clara: ofrecer un rendemento de vangarda en

combinación co carácter intransixente que caracteriza o ADN de Lamborghini", dixo

Rouven Mohr, director técnico da compañía.



## Mini explota as posibilidades da electrificación co novo Aceman

→ O Mini Aceman, dispoñible exclusivamente en versión totalmente eléctrica, ofrece unha mobilidade libre de emisións, tanto en contornas urbanas como en estradas. Presentado en dúas versións, o Aceman E e o Aceman SE, con autonomía de ata 310 km e 406 km respectivamente (segundo o ciclo WLTP), o vehículo combina eficiencia co característico pracer de condución dos Mini. Con motores eléctricos que van dende 135 kW/184cv ata 160 kW/218cv, o Aceman ofrece unha experiencia áxil e dinámica, alcanzando velocidades máximas de 160 km/h e 170 km/h respectivamente. O seu chasis deportivo, pneumáticos de

gran diámetro e sistema de amortiguación, garanten unha condución divertida ao tempo que segura, cunha dirección directa e sistemas de freada integrados que melloran o confort e a estabilidade.

Os distintos modos dispoñibles da Mini Experience, que tamén incorpora o Aceman, permiten axustes personalizados para unha experiencia de condución adaptada ás preferencias individuais, mentres que os numerosos sistemas de asistencia ao condutor aumentan a seguridade e a súa habitabilidade. Cun deseño que combina estilo e rendemento, o Mini Aceman establece un novo estándar na mobilidade eléctrica da compañía.



# Axenda Sprint



Novo Concesionario  
Segway



**Recambios  
Balsa**



[www.recambiosbalsa.com](http://www.recambiosbalsa.com)

Recambios, accesorios, pintura y herramientas



¡TENEMOS EL BOCADILLO QUE TE GUSTA!



**Bocadillos  
Sandwich  
Hamburguesas  
y Pollos Asados**

Rosalía de Castro, 23 | Esquina Montero Ríos | © 981 590 538

Gran variedad en Desayunos  
y Platos Combinados



Montero Ríos, 39  
Santiago de Compostela  
© 981 593 636

**Oscar  
Tires**

Oscar Tires Avda. Rosalía de Castro, 28 MILLADOIRO 15895 Amés. Tel. 981 53 05 79

**BRIDGESTONE**

**Nuevo Potenza Sport**

Controla tu viaje, despierta tus sentidos.  
El Bridgestone Potenza Sport es un neumático  
de altas prestaciones que te permite  
aprovechar todo el potencial de tu vehículo  
y mantener un control total durante tu viaje.



## Novo Hyundai Bayon



O novo de Hyundai é un SUV elegante e espazoso, o Bayon, deseñado para condutores que buscan a practicidade. Conta cun exterior robusto e distintivo, unha firma luminosa LED frontal e un para-choques redeseñado que lle outorgan un aspecto atrevido. As súas proporcións e os trazos gráficos rechamantes

fan que a súa presenza exterior destaque nas estradas, xa que ademais ofrece unha ampla gama de cores exteriores e a opción dun teito bicor.

Xa no interior, o Bayon está equipado con tecnoloxía avanzada de conectividade, incluíndo un panel LCD de 4,2 polgadas e unha pantalla de navegación AVN de 10,25 polgadas. Tamén conta con

características como Apple CarPlay, Android Auto, e Bluelink®. Ademais, ofrece unha serie de portos USB-C e

USB-A para facilitar a carga e a conectividade de dispositivos. Xa está á venda na rede oficial de concesionarios.

Bayon 1.2 MPI 79cv KLASS	23.455 €
Bayon 1.0 T 100cv MHEV 48V KLASS	25.205 €
Bayon 1.2 MPI 79cv MAXX	24.705 €
Bayon 1.0 T 100cv MHEV 48V MAXX	26.455 €
Bayon 1.0 T 100cv MHEV 48V 7DCT MAXX	27.555 €
Bayon 1.0 T 100cv MHEV 48V TECNO	28.255 €
Bayon 1.0 T 100cv MHEV 48V 7DCT TECNO	29.355 €



### BREVES

» **Mercedes afastouse**, unha vez máis, dos seus obxectivos en materia de electrificación dos seus coches programada para 2030 ante o debilitamento das súas vendas. Continuará fabricando, se existe demanda, híbridos e de combustión ata 2030.

» **España convértese**, con preto de 30.400 enclaves, nun dos dez países cun maior número de puntos de recarga para vehículos eléctricos da Unión Europea, segundo o último informe da ACEA.

» **Tesla lanzou en** España unha nova función para o seu Wall Conector coa que pode axustarse automaticamente en función das cargas existentes no fogar, permitindo que calquera coche eléctrico se cargue máis rápido cando os electrodo-

mésticos non están en uso.

» **Segundo desvelou** a vicepresidenta executiva de BYD, Stella Li, a empresa chinesa empezará a fabricar coches en Hungría a finais de 2024 e xa estuda establecer unha segunda factoría en Europa ademais dunha planta de baterías, un centro de deseño e outro de I+D.

» **A plataforma de** mobilidade compartida Bolt prevé investir ata sete millóns de euros para ampliar os seus servizos de 'micromobilidade' eléctrica en España durante os vindeiros tres anos.

» **Coa edición Black** Pack, o SsangYong Korando despunta pola súa rechamante grella en cor negra e a liña dos faros, tamén en negro, dándolle máis personalidade ao vehículo. Parte dos 17.800 €.

## Renault Symbioz



Renault segue apostando polo vehículo familiar, seguindo a súa tradición histórica dende o lanzamento do Renault 16 en 1965 ou o revolucionario Espace nos anos 80. Nesa andaina o Renault Symbioz que agora sae ao mercado, combina versatilidade, conectividade e eficiencia nun vehículo compacto deseñado para satisfacer as necesidades das familias modernas, así como tamén das frota corporativas. Cun deseño actual que reflicte a nova linguaxe de deseño de

Renault, o Symbioz destaca no segmento C en termos de modularidade e eficiencia.

Equipado coa última tecnoloxía, como o sistema multimedia openR link con Google integrado e o teito panorámico Solarbay, o Symbioz tamén ofrece unha ampla gama de axudas á condución para garantir a seguridade e o confort en todo momento. Cun amplo volume de maleteiro e unha motorización E-Tech full hybrid de 145cv, o Symbioz ofrece un equilibrio entre potencia e respecto ao medio natural.



## LAS 12 CAUSAS

 **aseser**



*Por TU Seguridad y el Medio Ambiente*

## JUNIO - Mantenimiento



**otero caritón**  
Jaime y Ramón Otero Caritón, S.L.

*La falta de mantenimiento provoca más de 1'5 millones de averías al año*

### *Por TU Seguridad*

Un 20% de vehículos son rechazados en la ITV por problemas de seguridad derivados de un mantenimiento deficiente

### *Por el Medio Ambiente*

El envejecimiento del parque y la falta de mantenimiento causantes del aumento de emisiones contaminantes

# ENEOS

OFFICIAL PARTNER:



**otero caritón**

## Novo CUPRA Formentor

Unha renovación agardada





■ ANTÓN PEREIRA | TEXTO

■ SPRINT MOTOR | FOTOS

O Formentor é o primeiro automóbil deseñado e desenvolvido en exclusiva por CUPRA, é un dos modelos de referencia da marca. O Formentor é o vehículo máis vendido da compañía e o modelo do seu segmento máis vendido en Europa. O ano pasado situouse á cabeza con máis de 120.000 entregas acumuladas (23% fronte a 2022). O novo CUPRA Formentor chega agora para reforzar o posicionamento da marca e ir un paso máis aló.

O novo Formentor combina o novo ADN de CUPRA, con tecnoloxías de vangarda, unha nova linguaxe de deseño exterior, un interior acolledor para o condutor e os pasaxeiros, e unha ampla e avanzada oferta de motores de gran rendemento. Trátase dun vehículo que reúne as calidades dos SUV crossover deportivos, e que xunta innovación e unha boa experiencia de condución, grazas ás melloras implementadas no chasis.

As entregas do modelo empezarán no terceiro trimestre de 2024, e a oferta de motores completárase proximamente.

### Nova linguaxe de deseño

O novo Formentor presenta o ADN da nova linguaxe de deseño exterior da marca, co frontal en forma de nariz de quenlla, o emblema CUPRA sobre o capó, os faros Matrix LED triangulares e o logotipo CUPRA iluminado e integrado no centro da luz LED traseira infinita, con intermitentes dinámicos. O interior ofrece un ambiente de maior calidade, con elementos redeseñados como a consola central, os paneis das portas e o cadro de mandos, así como novos tecidos e materiais, cun enfoque máis sostible cos asentos que poden

ir tapizados cunha microfibra sostible (73% reciclada) ou un coiro respectuoso co medio natural.

Este modelo pódese elixir por agora coas tres cores de lanzamento (o novo Azul Fiord, sen custo, e os metalizados Gris Magnetic e Negro Midnight), ata completar a gama cun total de oito cores diferentes de carrozaría, así como ata cinco novos deseños de lamias de aliaxe (unha de 18" e catro de 19").

### Seguridade e conectividade

Entre os principais elementos incluídos de serie, cabe destacar os faros dianteiros con tecnoloxía Full LED, a luz traseira infinita tamén de LED que percorre todo o ancho do portón traseiro, e que inclúe o logo iluminado e os intermitentes dinámicos; os asentos dianteiros deportivos, que permiten engadir en opción uns de tipo Bucket, ou o volante deportivo en pel con botóns satélite e levas do cambio.

O novo Formentor mellora a experiencia a bordo con pantallas de alta resolución que ofrecen toda a información que o condutor e os ocupantes necesitan, un sistema de audio de alta fidelidade de última xeración e acceso ao ecosistema CUPRA a través da aplicación My CUPRA.

Así, a nova pantalla de infoentretenemento medra agora ata as 12,9", e dispón dun novo control esvarante retroiluminado para o climatizador e o volume, e dunha nova interface home-máquina (HMI) mellorada. Tamén inclúe o cadro de instrumentos Dixital Cockpit de 10,25", e a máis vangardista tecnoloxía en aras da seguridade e a conectividade.

Entre a ampla lista de asistentes á condución que incorpora de serie o novo Formentor, cabe mencionar



o sistema de freada automática de urxencia Front Assist con detector de peóns e ciclistas, asistente de saída involuntaria do carril Lane Assist, limitador de velocidade, asistente de urxencia, sistema de freada post colisión, detector de fatiga, sensor de presión de pneumáticos, o sensor de chuvia e luces, as ancoraxes ISOFIX, ou os sete airbags, que inclúen frontais, laterais, de cortina e central para as prazas dianteiras.

De forma opcional pode integrar o control de velocidade de cruceiro adaptativo e predictivo (ACC), o asistente de atasco, o asistente de saída marcha atrás, o aviso de apertura de portas aos pasaxeiros se detecta que se aproxima un vehículo ao abrir as portas, ou o Pre Crash Assist, que prepara o vehículo ante un inminente impacto para protexer aos ocupantes.

Así mesmo, incorpora múltiples solucións de conectividade, con acceso remoto a algunhas funcións dende o teléfono móbil, mediante CUPRA Connect e a nova app My CUPRA. Dispón de serie de Full Link, para vincular

o teléfono mediante Android Auto e Apple Car Play sen cables, cargador sen cables para o dispositivo móbil, que agora carga ata 15W e dispón de tecnoloxía de refrixeración. Opcionalmente tamén permite engadir o novo equipo de audio de alta fidelidade desenvolvido en colaboración coa firma Sennheiser Mobility, que inclúe once altosfalantes, un subwoofer e un amplificador con 390 volts de potencia.

### Plataforma e dinámica

A plataforma MQB Evo permite conseguir un comportamento dinámico que lembra ao dun turismo deportivo, sen comprometer o seu grande agrado de condución. O eixo motriz dianteiro incorpora unha arquitectura de suspensión de tipo McPherson e a configuración traseira é de tipo multibrazo independente. O axuste preciso dos resortes e amortecedores, así como a perfecta distribución da masa, conseguen que o chasis poida facer fronte aos

cambios de peso de maneira sinxela.

En canto ao equipamento no apartado dinámico, destaca o sistema CUPRA Drive Profile, que permite elixir entre os distintos modos de condución, o sistema de Dirección Progresiva, ou o diferencial de bloqueo elec-

“O novo Formentor recibe un novo motor de gasolina TSI que entrega 333cv e conta cun equipo de freos asinado por Akebono (opcional)

trónico XDS, entre outros elementos de deseño, como por exemplo os pedais de aluminio. Opcionalmente tamén pode engadir o Control Dinámico de Chasis (DCC), ou os asentos tipo Bucket.

### Motores

O novo Formentor estará dispoñible con catro

tecnoloxías diferentes: TSI (gasolina), eTSI (mild hybrid), TDI (diésel) e unha nova xeración de e-Hybrid (híbrido enchufable). En total, a oferta abarcará oito opcións mecánicas diferentes, con potencias de entre 150 e 333 cabalos.

TSI. O chanzo de acceso para o novo CUPRA Formentor é o novo motor de catro cilindros e 1.5 litros, que entrega 150cv e asóciase á transmisión manual de 6 velocidades.

As prestacións aumentan co motor 2.0 TSI de 204cv con cambio DSG de dobre embrague e 7 velocidades, e tracción integral 4Drive.

Na cúspide da gama atópanse as versións VZ. Esta denominación, que significa “Veloz”, define ás variantes máis prestacionais do SUV Crossover.

O novo CUPRA Formentor VZ estará dispoñible con dous motores de combustión: o primeiro rende 265cv, está vinculado a unha caixa de cambios DSG de 7 velocidades e ten tracción dianteira; o segundo eleva a potencia ata os 333cv, tamén se asocia ao cambio DSG de 7 velocidades, integra un novo modo de condución para rodar en circuíto, e está equipado con tecnoloxía Torque Splitter de control selectivo de par e un equipo de freos opcional Akebono de seis pistóns.

Aloxado no eixo traseiro, o sistema Torque Splitter funciona mediante dous



O logotipo CUPRA está iluminado e integrado no centro da luz LED traseira infinita



O interior incorpora unha interface HMI redeseñada e mellorada, así como un enfoque máis sostible coa introdución de materiais reciclados



Os asentos dianteiros deportivos permiten engadir, en opción, uns de tipo Bucket

embragues independentes con control electrohidráulico. A súa misión é distribuír a forza do motor nos apoios en curva, non só entre os eixos dianteiro e traseiro, senón tamén entre as rodas esquerda e dereita do eixo posterior, o que dá ao VZ unha axilidade aínda maior cando as condicións se volven máis esixentes.

O sistema de chasis do Formentor VZ permitiu aos enxeñeiros incluír un modo Drift para o seu uso na pista, onde pode converterse nun coche verdadeiramente divertido. Ao activalo, o ESC sitúase en modo sport e, xunto á tecnoloxía Torque Splitter, permite dirixir toda a potencia á roda traseira

exterior da curva, o que axuda ao coche a derrapar.

“As melloras nos apartados de motor e chasis supoñen un gran salto con respecto ao seu antecesor

Para o 2.0 TSI de 333cv desenvolveuse un modo CUPRA específico, que ofrece unha resposta do acelerador e da caixa de cambios optimizada para circuíto, unha entrega de par dinámica e unha calibración do motor desenvolvida polo Centro Técnico de

Martorell. Ademais, o condutor conta cun indicador luminoso de cambio de marchas.

Para ofrecer o máximo control nas detencións, o Formentor VZ conta cuns freos de 18" de serie. En opción pode montar o equipo con pinzas Akebono de seis pistóns, que proporciona a máxima seguridade en conducción deportiva.

**ETSI (Mild Hybrid).** O Formentor está dispoñible cunha opción eTSI, que consegue niveis de eficiencia aínda maiores. O sistema emprega un motor de gasolina de 1.5 litros e 150cv combinado coa tecnoloxía mild hybrid de 48 volts. Esta motorización asóciase exclusivamente á transmisión DSG

de sete relacións, que mellora o consumo e o confort.

A tecnoloxía híbrida está composta por un xerador e unha batería de ións de litio de 48 volts. O sistema logra unha elevada eficiencia grazas, en parte, a que permite que o novo Formentor avance co motor de combustión apagado nalgúns escenarios. Tamén permite recuperar enerxía nas freadas e achega certa asistencia eléctrica ao motor térmico. A tecnoloxía mild hybrid mellorou e agora o coche acéndese mediante o sistema de 48 volts en exclusiva, o que o fai aínda máis suave en comparación co anterior sistema da marca, que incluía a batería de 48 volts e a de 12.

**TDI (diésel).** O diésel tamén resulta importante para algúns mercados e clientes, por iso está presente na gama o motor 2.0 TDI de 150 cabalos con cambio DSG de 7 velocidades.

**e-Hybrid (Híbrido Enchufable).** O novo Formentor ofrece dúas opcións e-Hybrid de última xeración, que entregan unha potencia conxunta de 204 e 272 cabalos, e outórgalle a etiqueta CERO emisións da DXT.

Ambas están equipadas co novo propulsor 1.5 TSI, un motor eléctrico e unha batería que aumenta a súa capacidade ata 19,7 kWh (netos). Grazas a esta combinación, o novo modelo ofrece emoción respectuosa co medio natural e unha autonomía eléctrica pura homologada de máis de 100 km. A batería admite agora carga rápida de ata 50 kW/KW (CC), perfecta para os desprazamentos por estrada. Tamén se pode cargar en casa usando un Wallbox de ata 11 kW/KW.

O CUPRA Formentor VZ e-Hybrid (272cv) pode ir equipado con freos Brembo. Neste caso, as pinzas de catro pistóns combínanse con discos perforados máis grandes que os de serie, o que consegue que as freadas sexan máis eficaces.

Ángel Castro, CEO de ACAR xestión de frotas

## Temos empresas que teñen establecida unha cota de automóbiles eléctricos



■ XURXO SOBRINO | TEXTO  
■ SPRINT MOTOR | FOTOS

A empresa compostelá de xestión de frotas ACAR está de aniversario, xa son 10 anos de vida. Dirixida por un home cunha ampla experiencia no mundo da automoción, Ángel Castro, ACAR diríxese ao futuro con moitos proxectos. Un deles xa ten nome AcarFleet, deseñado para organizar e xestionar aínda mellor as frotas de vehículos de empresa. Aproveitando este aniversario, que significa a consolidación desta compañía, falamos co seu CEO.

**SPRINT MOTOR: Como chega a conformarse unha empresa de xestión de frotas?**

Ángel Castro: Nace froito das inquiredanzas profesionais e do coñecemento que tiña acumulado, despois de levar traballando moitos anos no

mercado do automóbil, sobre este tema concreto da xestión de frotas. Vin as carencias que tiñan moitos clientes neste punto cando estiven traballando nunha multinacional especializada en frotas. Para moitos clientes faltaba xestión do día a día dos seus vehículos de empresa, observei que había moitas carencias. A partir de aquí fun forxando a idea de crear unha compañía que xestionase as frotas dunha maneira global, liberando ao cliente de moitos trámites engorrosos. Simplemente facilitarlle un traballo que a el o distrae porque non é a súa especialidade.

**SM: Xestionar unha frota implica un traballo profesional que vai máis aló dun cambio de aceite e filtro.**

A. C.: Si, por suposto. O primeiro é simplificarlle a compra, co asesoramento de modelos e de financiamentos.

Nós ocupámonos de xestionar todos os trámites (características do vehículo, presupostos de financiamento, modalidade e outras xestións). Facemos un estudo pormenorizado dos modelos máis interesantes para o noso cliente.

“Unha frota se non está ben xestionada pode ter moitos gastos parásitos

**SM: Cal é o voso papel na compra do vehículo?**

A. C.: O mercado do automóbil evolucionou dunha forma bastante complexa. Na actualidade un coche ten seis ou máis posibilidades de motorizacións, isto implica que nós fagamos un minucioso estudo para ver cal é o tipo

de propulsor idóneo para o noso cliente, dependendo das súas necesidades. Unha vez realizado o estudo emitimos un informe para o cliente e, co visto e prace del, formalizamos a compra. Esta pode realizarse con distintas modalidades, como son: *renting*, *leasing* ou financiamento. Neste caso estamos en contacto co Departamento Financeiro da empresa para tomar a decisión que cremos conxuntamente que é a máis adecuada.

**SM: O universo de gastos dun vehículo comporta moitos satélites, como son o seguro, o mantemento, os impostos... Ata onde chega a xestión da vosa empresa?**

A. C.: A xestión, como xa dixen antes, é global. Nós xestionamos dende o presuposto inicial e a súa fórmula de pago ata os mantementos. Neste último punto buscaremos os talleres máis próximos

e de calidade que nós temos na nosa extensa base de datos. Tamén teremos en conta, entre outras cousas, se ese vehículo precisa do aparello da telepeaxe, pois se esa unidade vai utilizar moito a autoestrada teremos presente os descontos que nos poden aplicar grazas ao VíaT. Este aparello pode ser de balde ou custar 36 euros ao ano, se isto o multiplicamos, por exemplo, por 150 vehículos de frota ao ano temos un gasto de 5.400 euros. Este é un exemplo de gastos parásitos que podemos ter nunha frota se non está ben xestionada. En ACAR xestionamos moitos apartados que ao final fan que unha frota se utilice e se rendibilice mellor e non sexa unha gran carga para unha empresa.

**SM: Dende 2014, data da fundación da vosa compañía, ata hoxe o cambio na automoción foi espectacular en todos os apartados, comezando polas motorizacións. Toda esta evolución complicouvos moito as cousas?**

A. C.: Por suposto. Todo comezou coa redución dos gases dos coches exixida pola Unión Europea e as restricións de tráfico nos centros urbanos. Isto fixo que teñamos que ser moito máis precisos. Teremos que saber quen vai conducir ese vehículo, por onde, cantos quilómetros ten previsto realizar ao ano... ás veces o resultado dános que debe ser un coche eléctrico. Entón temos que pensar que a empresa ten que ter un cargador e estudar de que tipo. Polo de agora o automóbil eléctrico ten algunhas complicacións. Pero xa temos empresas que teñen establecida unha cota de coches eléctricos. Cremos que esta é unha tendencia que vai ir a máis. Cómpre engadir que este é un tipo de propulsión que ten que estar moi ben estudada, non vale para calquera compañía.

**SM: ACAR, ademais de dedicarse á xestión de frotas de empresa, ten un departamento de alugueiro de automóviles. Este é un sector**

**que tivo grandes complicacións por mor da pandemia da Covid, como se encontra na actualidade?**

A. C.: O coche de alugueiro comeza a dar moi bos resultados, volvemos a niveis prepandemia. Vémolo nos datos de vendas, onde os datos están sendo positivos.

Os usuarios, moitos deles mozos, cada vez optan máis por esta modalidade. Prescinden da propiedade e optan por alugar un coche para as súas vacacións ou para outro tipo de desprazamentos, como necesidades puntuais de traballo ou de fin de semana. Moitos usuarios combinan o alugueiro co transporte público e así evitan ter un coche parado, e xerando gastos durante moitos días, no garaxe.

**SM: Porque hai unha variación tan grande nos prezos dos vehículos de alugueiro?**

A. C.: Eu sempre comparo os prezos dos coches de alugueiro cos da Praza de Abastos. É dicir, non é o mesmo o prezo do marisco no Nadal que no mes de febreiro, por exemplo. Pois nos coches de alugueiro tamén inflúen moito as temperaturas do ano no que precisemos o vehículo, a propia dinámica da época do ano é a que vai marcando os prezos.

**SM: A vosa empresa celebra estes dez anos cunha novidade, AcarFleet. Cántanos en que consiste esta iniciativa?**

A. C.: AcarFleet é unha réplica do programa que vimos utilizando dende 2014 mellorado e máis completo.

En novembro de 2013, xuntámonos todo o equipo para comezar a desenvolver un proxecto de xestión de frotas o máis interesante posible para as empresas. Unha forma de optimizar ben os custos e de ter todo o parque móbil ben controlado e planificado requiría dun potente programa informático. Todo isto deu como resultado un programa profesional especializado feito a medida para este tema, que foi crescendo ao longo de todos estes anos. Unha vez acadado este punto de madurez,

despois de dez anos, démonos conta de que moitas empresas demandaban ter eles o programa para autoxestionarse.

Somos conscientes de que temos unha ferramenta moi potente que levamos utilizando durante unha década. Deunos moitísima información, e continúa dádonola. Datos que precisamos para desenvolver o noso labor dunha forma óptima. Por iso pensamos que era bo poñelo ao servizo das empresas, entón o que fixemos foi pensar como unha compañía tecnolóxica. Con tal motivo creamos AcarFleet, para poñer esta aplicación a disposición das empresas en alugueiro anual ou mensual, como prefiran. Tamén podemos adaptarnos ás necesidades de cada unha delas adaptando as características.

**“O coche de alugueiro comeza a dar moi bos resultados, volvemos a niveis prepandemia**

lóxica. Con tal motivo creamos AcarFleet, para poñer esta aplicación a disposición das empresas en alugueiro anual ou mensual, como prefiran. Tamén podemos adaptarnos ás necesidades de cada unha delas adaptando as características.

**SM: Exactamente cal é a dimensión da empresa á que está dirixido este programa?**

A. C.: Nós agardamos que se beneficien empresas de distintos tamaños. Partindo sempre dunha frota mínima de vinte unidades. Na actualidade o programa pode xestionar ata cincocentas unidades, coa posibilidade de ampliación. Pola nosa experiencia, canto maior sexa a frota máis posibilidades de optimización e de rendibilidade terá o noso cliente.

**SM: Que posibilidades xoga a Intelixencia Artificial neste programa?**

A. C.: A IA vai achegar unha grande axuda, nós témola xa nos nosos proxectos próximos. Temos claro que vai ser un protagonista imprescindible para o desenvolvemento do noso programa. Vainos solucionar bastantes problemas, grazas á

súa gran capacidade de análise, e vailles axudar moito aos usuarios de AcarFleet a eliminar problemas do seu día a día laboral. Comentar que o apartado de incidencias diarias que temos nos xera multitude de datos (rodas, mecánica, mantementos, multas, consumos...) que a Intelixencia Artificial nos axudará a analizar polo miúdo, isto redundará en mellorar toda a nosa xestión integral das frotas e afinar aínda máis as rendibilidade dos nosos usuarios. A IA será un pouco a nosa memoria de todos os casos e incidencias acaecidas coas frotas que xestionamos e das solucións que lle demos no seu momento. A IA daranos o mellor, ou os mellores, remedios para cada caso. Será un grande avance que é difícil predicir actualmente ata onde pode chegar.

**SM: Como transmitides todo este know-how as empresas que podan estar interesadas?**

A. C.: Neste momento estamos a facer un gran despregamento para dar a coñecer este programa ás empresas. Cremos que este esforzo de comunicación é moi positivo para todos.

Con AcarFleet coido que podemos axudar a moitas compañías a encauzar e organizar toda a información das súas unidades de frota nun mesmo punto, onde é máis fácil ver os erros e as solucións de futuro, ademais de xestionar diariamente as súas unidades móbiles dunha forma máis correcta e profesional. Hai empresas que teñen cada gasto nun sitio diferente (combustible, mantementos, rodas, sinistros...), nós o que facemos é aglutinar todo no mesmo sitio, de maneira que podemos visualizar de forma cómoda e práctica 7/8 datos, que se poden visualizar rapidamente e dun xeito preciso para controlar o gasto semanal, mensual ou anual da frota. Todos estes elementos que nós achegamos fan máis sinxelo e operativo organizar e resolver todas as incidencias dos vehículos dunha compañía.



## Kawasaki Z e-1

*U-lo son do motor?*





■ XOSE ARUFE | TEXTO  
 ■ UXÍA QUEIRUGA | FOTOGRAFÍA  
 WWW.MOTOSPRUEBAS.COM  
 motos@motospruebas.com

A tecnoloxía dos motores de combustión interna está a perder popularidade debido tanto aos danos químicos que causan ao medio natural como á contaminación acústica. Os responsables de Kawasaki anunciaron no 2022 que a compañía lanzaría en breve os seus primeiros modelos de motos ecolóxicas e eléctricas. Primeiro foi a Ninja 7 Hybrid e agora é a quenda das series totalmente eléctricas Z e-1 e Ninja e-1. Ocupando un lugar moi importante na historia da compañía, os modelos que levan o nome Z son famosos pola súa sinxeleza, e aquí Kawasaki segue o camiño da razón coa súa primeira motocicleta eléctrica. Esta non compite con ningunha outra moto, practicamente podemos vela como unha categoría en si mesma. A compañía declarou que se inspiraron nas Ninja 400 e Z400 para o deseño dos novos



modelos que desenvolveu. Kawasaki completou un gran traballo coas súas primeiras eléctricas.

Este modelo utiliza a tecnoloxía e os coñecementos técnicos que a marca xaponesa desenvolveu ao longo de varias décadas de fabricación de motos. E non falamos só do excelente chasis ou dos freos e a electrónica, senón mesmo da rede de concesionarios e o mantemento, unha gran vantaxe.

### Motor e tecnoloxía

É moi importante saber exactamente que é este motor. A xulgar por parámetros como a potencia, a velocidade máxima e a autonomía, a Z e-1 está moi preto dos 125cc e require o mesmo carné (A1) para circular. Con

5 kW/KW (6,7cv), por suposto, queda moi por baixo do límite máximo de potencia para a categoría, que é de 11 kW/KW (14,75cv) para os permisos de condución A1 e B.

Kawasaki incluíu un botón *e-boost* que che proporciona 12cv (9 kW/KW) durante 15". Queres saír rápido do semáforo? Só tes que pulsar *e-boost* e dende o momento en que arrincas tes 15" de potencia extras na túa man, útil para adiantamentos ou calquera outra situación na que necesites un pouco de músculo extra.

Cun peso de 11,4 kg cada unha, as baterías poden alcanzar a súa plena capacidade en catro horas cun adaptador de carga incluído coa moto, que se pode gardar no oco do falso depósito.

O tempo de carga das baterías dun 20% ao 80% é de só dúas horas enchufado na rede doméstica (220 volts). Outro grande eloxio para as baterías e, máis concretamente, á forma en que se carga. Trátase esencialmente de dúas baterías extraíbles, polo que non é necesario ter unha subministración eléctrica no lugar onde se aparca a moto. Sacas as baterías e as cargas, con ou sen base de carga, na cociña, o dormitorio ou o soto, así de sinxelo. Se queres e podes, por suposto, podes cargar as baterías na moto.

Esta é a Z e-1, certamente non a primeira da súa clase, pero si o primeiro modelo eléctrico que pode presumir de basearse en décadas de tradición e infraestrutura na fabricación de motocicletas.

Iso, e o feito de que sexa a primeira moto totalmente eléctrica do Xapón, fan que destaque.

### "Lady Kawa"

As clásicas obxeccións que en ocasións expuxéronse contra as motos eléctricas desaparecen no caso desta Kawasaki, xa que se dirixe a un público con prioridades diferentes ás do motorista medio. Distancias curtas, desprazamentos habituais dentro dos límites da cidade... en fin, unha boa solución para os desprazamentos diarios.

“Unha chea de auga, durante a proba de condución, non me impediu comprobar a suavidade da Z e-1 grazas ás súas magníficas suspensións KYB

Ademais, o condutor non ten que batallar coa interacción do embrague e a caixa de cambios, esa complicada combinación que tanto nos gusta aos motoristas, pero que adoita ser un obstáculo para os principiantes.

"Lady Kawa" pode alcanzar un rango de autonomía de 74 quilómetros en modo de condución eco e de 64 cando se utiliza o botón Boost.

Este modelo pode alcanzar unha velocidade 88 km/h de forma continua en modo de condución na estrada e 95 km/h de forma instantánea cando se utiliza o botón Boost.

### Arrincamos!

Conducín a Z e-1 dende A Coruña a Santiago por estradas secundarias, o ceo asegurouse de regalarme unha chea de auga durante a proba de condución, iso non me impediu comprobar a suavidade coa que a Kawasaki Z e-1 atravesou os







pobos discretamente e a facilidade coa que as malas estradas se deslizaban baixo as súas rodas grazas ás súas magníficas suspensións KYB, un “dez” para a suspensión e os freos de está moto.

Ceguei a Santiago raspado de baterías non, o seguinte, e logo utilícea uns días pola cidade. Esta é a contorna para a que se construíu esta primeira motocicleta eléctrica nipoa. A rede de estradas secundarias e sobre todo urbanas son o seu hábitat, especialmente na nosa gran terra galega, onde a velocidade

máxima está limitada en gran medida a 90 km/h.

Aínda que o peso total é bastante baixo, 135 kg, a marca centrou a súa atención nun problema ao que a miúdo se enfrontan os novos pilotos: manobrar a baixa velocidade.

Aparcar a moto é moi doado coa axuda do Walk Mode para zonas urbanas e a marcha atrás, que empurra cara adiante ou cara atrás a un ritmo de paseo a través do acelerador. Esta operatividade esténdese a todos os aspectos do funcionamento, que é silencioso e suave, sen cambios de marcha.

En definitiva, a Kawasaki Z e-1 (como a Ninja e-1) é accesible, práctica e económica de usar. Estas non son necesariamente calidades para unha motocicleta clásica, pero para un vehículo de dúas rodas de uso diario son atributos moi importantes. Kawa realizou un movemento estratéxico ao presentar unha moto que se centra nos puntos fortes das eléctricas, onde se salientan as súas calidades e

minimízanse ou eliminan os seus puntos negativos.

Para quen poida permitirse o que custa esta moto urbana de uso diario, a primeira eléctrica do Xapón é claramente unha boa elección.

A moto de probas foi xentileza de Motopasión Store, distribuidor de Kawasaki en Galicia, con sedes na Coruña e Vigo. O prezo recomendado é de 8.450 €, cunha oferta de lanzamento que inclúe o seguro gratuíto.



### MANTEMENTO

1ª revisión: 1.000 km  
2ª revisión: 5.000 km ou un ano  
Seguintes: cada 5.000 km ou un ano

Prezo aproximado de cada revisión: 100 €  
Cambio de pneumáticos cada: 12.000 km  
Prezo aproximado: 270 €  
(É posible que os períodos de mantemento que recomendo nesta sección non coincidan cos recomendados polo fabricante, considero que son os ideais para manter a túa moto en condicións idóneas)

## Ficha Técnica

### MOTOR E TRANSMISIÓN

- TIPO: eléctrica
- POTENCIA: 12cv (8,83 kW/KW) a 2.600 rpm
- PAR: 40,5 Nm a 1.600 rpm
- NORMATIVA ANTICONTAMINACIÓN: Euro5
- TRANSMISIÓN SECUNDARIA: cadea

### CHASIS, SUSPENSIÓN E FREOS

- TIPO: Trelis de aceiro
- SUSPENSIÓN DIANTEIRA: pinza telescópica
- SUSPENSIÓN TRASEIRA: basculante dobre brazo (monoamortecedor)
- FREO DIANTEIRO: disco lobulado (290 mm)
- FREO TRASEIRO: disco lobulado (220 mm)
- RODA DIANTEIRA: 17"
- RODA TRASEIRA: 17"

### DIMENSIÓN E PESO

- LONXITUDE: 1.980 mm

- ANCHO: 730 mm
- ALTURA: 1.035 mm
- DISTANCIA ENTRE EIXOS: 1.370 mm
- ALTURA LIBRE AO CHAN: 170 mm
- ALTURA DE ASENTAMENTO: 785 mm
- AVANCE: 90 mm
- PESO EN ORDE DE MARCHA: 135 kg

### EQUIPAMENTO

- Guanteira
- Arrinque eléctrico
- Pata de cabra
- Marcha atrás
- Amortecedor regulable
- Instrumentación
- TFT
- Reloxo
- Conectividade smartphones
- Bluetooth
- Aplicación smartphones
- ABS
- Modos de motor Eco / Road
- Iluminación full-LED
- Baterías e autonomía
- Tipo de baterías: ión-litio
- Capacidade: 30 Ah x2
- Tempo de carga: 3,6 horas
- Batería portátil: si
- Autonomía: 72 km

Medio século do Audi 50: Precursor dos coches pequenos

## Os comezos da miniaturización

■ DANIEL G. PALAU | TEXTO ■ SPRINT MOTOR | FOTO



Hai cincuenta anos, en 1974, en pleno auxe da crise petroléira desencadeada en 1973, Audi lanzou ao mercado o Audi 50, marcando un fito como o primeiro automóbil compacto dun fabricante alemán.

Este automóbil destacou pola súa eficiencia no consumo de combustible e o seu revolucionario deseño. Para conseguir este resultado innovou sobre os procesos anteriormente normalizados, reducindo as dimensións necesarias, maximizando o rendemento e o espazo dispoñible.

### Unha historia de innovación

O obxectivo detrás do desenvolvemento do novo Audi 50 foi o de ofrecer un vehículo moderno e versátil que

“A clave do éxito do Audi 50 radicou no seu deseño compacto pero espazoso grazas ao motor transversal

completase a gama de modelos da marca dos catro aros, posicionándose xunto aos Audi 80 e 100. O proxecto comezou en 1970 baixo a dirección técnica de Ludwig Kraus, co obxectivo de crear un sucesor para o modelo compacto de NSU que se achegaba ao final da súa produción.

O Audi 50 presentouse aos medios internacionais en Sardeña no verán de 1974

e chegou aos concesionarios alemáns en outubro do mesmo ano, con prezos a partir de 8.195 marcos para o modelo LS e 8.510 marcos para o GL. A produción levouse a cabo na planta de Volkswagen en Wolfsburg, cun total de 180.828 unidades fabricadas ata que cesou a produción no verán de 1978.

A clave do éxito do Audi 50 radicou no seu deseño compacto pero espazoso grazas ao motor transversal, permitindo un interior amplo a pesar das súas dimensións exteriores reducidas. Ofrecéronse dúas versións, o Audi 50 LS de 50cv e o Audi 50 GL de 60cv, ambas equipadas con motores de 1.1 litros e destacando pola súa lixeireza, cun peso de só 685 quilogramos. Tamén, o deseño exterior, a cargo de

Hartmut Warkuß, quen previamente traballara no Audi 80, reflectía unha forma delicada e atemporal, complementando a enxeñería desenvolvida por Kraus.

Con todas estas pezas o laboratorio alemá conseguiu un vehículo icónico, que inaugurou o consumo de combustible baixo xunto a un deseño pioneiro: tracción dianteira con motor transversal, carrozaría de dúas portas con portón traseiro e gran maleteiro, asentos traseiros con respaldo abatible, dimensións exteriores compactas e moi boa adherencia á estrada.

### O pai do Volkswagen Polo

O Audi 50 non só se destacou polas súas innovacións, senón que tamén sentou as bases para o desenvolvemento do Volkswagen Polo, que se lanzou pouco despois aproveitando as sinerxías dentro do Grupo Volkswagen. Esta colaboración estratéxica resultou ser un éxito comercial den- de hai medio século.

Aínda que o Audi 50 estivo no mercado por un curto período, deixou un legado perdurable ao establecer o segmento dos automóviles pequenos dentro do Grupo Volkswagen, co Polo como o seu sucesor máis destacado, continuando o seu legado ao longo de varias xeracións.



## Fiat 1100: Unha icona global italiana

## O «Milicento»

■ DANIEL G. PALAU | TEXTO ■ SPRINT MOTOR | FOTO

O Fiat 1100, concibido orixinalmente como un sucesor moderno do exitoso Fiat 1100 "Nuovo Balilla", superou todas as expectativas ao converterse nun vehículo emblemático que mantivo a súa presenza no mercado durante case cinco décadas en catro continentes diferentes.

Presentado no Salón de Xenebra en 1953, o Fiat 1100 redefiniu o segmento das berlinas de tamaño medio ao combinar dimensións compactas cun interior espazoso, establecendo así un estándar que perduraría ao longo da súa longa historia comercial.

### Un coche para as primeiras familias motorizadas

Cunha carrozaría autoportante de catro portas e dimensións compactas que o facían áxil no tráfico urbano, o Fiat 1100 priorizaba o espazo interior sen comprometer o seu tamaño exterior. Os seus 3,78 m dábanlle unhas dimensións idóneas para moverse axilmente polo centro das cidades italianas, mais os enxeñeiros de Fiat non descoidaron o espazo interior. Pola contra, fixérono unha prioridade á hora de deseñar o 1100. Desta maneira, a súa capacidade para acomodar comodamente a catro ou cinco adultos, xunto



“Inicialmente equipouse cun motor de 4 cilindros en liña de 36cv, que alcanzaba unha velocidade de 115 km/h

cun maleteiro xeneroso para a súa época de 254 litros, converteuno nunha opción popular para familias e profesionais por igual.

Equipado cun motor de catro cilindros en liña que inicialmente producía 36cv e alcanzaba unha velocidade máxima de 115 km/h, o Fiat 1100 destacaba polo seu rendemento sólido e o seu manexo áxil. Co tempo,



introducíronse versións con maiores prestacións, como a opción de 53cv que alcanzaba os 153 km/h en 1966. Ademais, para mellorar a súa aura de vehículo para as familias, sorprendeu pola súa freada rápida e segura, así como pola comodidade das súas suspensións, combinando acabados con gran detalle e un nivel de ruído moi baixo para os anos 50 e 60.

Eixpto e India. Neste último, a produción continuou con éxito ata o ano 2000, máis de tres décadas despois de que nacera no seu país de orixe.

Ao longo da súa vida comercial, o Fiat 1100 diversificouse con varias versións, incluíndo unha familiar, unha versión Spider, o Fiat TV Transformabile, e modelos como o 1100 D e o 1100 R, que incorporaban mellores significativas en motorización e deseño. Ademais, ofreceuse unha versión furgón, o Fiat 1100 T, que estivo dispoñible ata 1971 en Europa.

Cunha historia tan rica e unha presenza internacional tan duradeira, o 1100 consagrouse como unha verdadeira icona no mundo do automóbil, deixando un legado perdurable que ten dende o popular nome do Milicento entusiastas e coleccionistas ata o día de hoxe.

### De Italia para o mundo

Aínda que inicialmente non foi concibido como un "coche mundial", o Fiat 1100 demostrou ser un precursor do concepto de vehículo global ao exhibir as súas calidades en catro continentes durante medio século. Desta maneira, a reputación do Fiat 1100 transcendeu as fronteiras italianas, sendo producido, baixo licenza ou directamente, en países como Alemaña, Arxentina,



## Actualización do Aston Martin DBX707

→ O DBX707 experimenta unha gran transformación que abrangue tanto o deseño, como os equipamentos ou o rendemento nas estradas. A marca destaca en primeiro lugar que aínda que conserva o seu potente motor V8 de

707cv e hardware de alta calidade, realizaron cambios notables no exterior, incluíndo novas cores de pintura, rodas, tiradores de portas e espellos actualizados. Anuncian que tamén se mellorou a dinámica do vehículo grazas aos axustes do software do

chasis, aumentando a resposta, a precisión e a confianza do condutor. Ademais, o novo sistema de infoentretenemento espreme todas as posibilidades da habitabilidade do vehículo e o novo deseño de interiores, reforza a aposta pola artesanía e o luxo. Coa

producción e entregas programadas para o segundo trimestre de 2024, o DBX707 reafirma a súa posición como un SUV superdeportivo líder na categoría, que ofrece un equilibrio excepcional entre rendemento, luxo e tecnoloxía punta.



## Novo Kia Picanto

→ Seguindo a súa estela histórica e a proposta de valor da marca coreana Kia, o novo Picanto destaca pola súa axilidade e facilidade de manexo. Con suspensión independente MacPherson dianteira e eixo torsional traseiro, mellora o confort sen sacrificar o di-

namismo. A súa dirección de cremalleira rápida faíno ideal para a conducción urbana, con menos voltas de volante entre topes que os seus rivais de segmento.

Ademais, a tecnoloxía de vectorización do par en freada e o sistema de control electrónico de estabilidade (ESC) melloran a estabilidade en curvas.

Dispoñible con motores de gasolina de 1,0 e 1,2 litros, ofrece ámbolos motores optimi-

zados para reducir emisións de CO<sub>2</sub>, combinándose cunha caixa de cambios manual de cinco velocidades ou unha manual automatizada (AMT), que ofrece eficiencia e comodidade. Con estas opcións, o Picanto adáptase a diversas necesidades e estilos de conducción, asegurando unha experiencia satisfactoria en calquera contorna urbana.



Eduardo Divar, director xeral de Kia Iberia

## Ser unha das marcas cunha das gamas electrificadas máis completas vainos dar un 'plus' para acadar obxectivos

■ ANTÓN PEREIRA | Texto  
 ■ SPRINT MOTOR | Fotos

Eduardo Divar, director xeral de Kia Iberia, é un dos referentes da industria do automóbil no noso país e unha das voces máis claras nos temas que afectan ao sector da automoción. Con el falamos das previsións de mercado para 2024 e doutros asuntos. Evidentemente a electrificación e o coche eléctrico teñen nesta entrevista o seu apartado.

**SPRINT MOTOR: Cales son as previsións de mercado que manexas para este ano?**

Eduardo Divar: A nosa previsión é que o mercado de automoción en España peche este ano con 953.800 unidades vendidas, o que supón un crecemento dun 6% respecto ao ano 2023. Así e todo, aínda estamos lonxe dos 1,2 millóns de matriculacións previstas a pandemia rexistradas en 2019. No que respecta á canle privada a nosa previsión é que medre levemente ata alcanzar as 400.000 unidades e aquelas canles que agardamos que experimenten un maior crecemento este ano son a de Empresas e a de *Rent-a-car*.

**SM: Cun panorama de fortes cambios na automoción, cales son os factores que cres que poden ser claves na marcha do mercado este ano?**

E. D.: O escenario que se nos presenta ten moitas variables. Considero que son moitos os factores que poden influír na evolución do mercado en 2024, en liñas xerais o contexto de incerteza política e económica global que atravesamos. Doutra banda, creo que entre os principais retos que influirán na evolución do mercado destacaría o feito de que se sigan impulsando medidas que incentiven a renovación do parque e a compra de vehículos electrificados e que se facilite a tramitación dos incentivos ao automóbil eléctrico. Todos estes factores volubles fan difícil concretar como funcionará o sector de aquí a finais de ano.

**SM: Cres que habrá algún cambio importante no mercado de particulares ou no de empresas?**

E. D.: En xeral, o mercado atópase nun momento de cambio de paradigma, no que conviven os clientes que optan pola compra dun coche e os que se decantan por outras alternativas máis



flexibles, como pode ser a multiopción ou o *renting*. Os usuarios complementano co uso de diferentes servizos de mobilidade sostible como pode ser o *carsharing*. Doutra banda, está a producirse unha translación da demanda da canle privada, que representa ao redor dun 44% das vendas do mercado, ao *renting* de particulares.

**SM: En 2023 fostes a segunda marca do mercado nacional, da canle de particulares e de vendas de modelos electrificados. Pódense mellorar eses resultados?**

E. D.: A nosa principal meta é seguir medrando e cumprindo os nosos obxectivos como marca. Na canle privada, a nosa ambición sería converternos en marca líder, que xa o fomos tres anos consecutivos (2020 a 2022) pero somos conscientes de que actualmente é difícil. No que respecta a electrificación, queremos seguir sendo unha das marcas con maior cota.

**SM: Cales son as previsións da vosa marca para este ano?**

E. D.: Para 2024, o obxectivo é superar os 3,2 millóns de unidades a nivel mundial e 63.500 matriculacións no mercado nacional.

**SM: En 2004 naceu Kia Motors Iberia, da que ti comezaches a formar parte en 2013. Imaxinabas hai unha década do que ía ser capaz a túa marca no noso país?**

E. D.: A verdade é que na última década experimentou unha evolución a todos os niveis sorprendente. En 2012 Kia vendía prezo e as matriculacións en España eran de 15.000 coches, o pasado ano o pechamos con preto de 61.000 unidades vendidas na península e Baleares.

Outro dos fitos fundamentais da marca foi sen dúbida a fichaxe en 2006 de Peter Schreyer como xefe de Deseño, que viña de deseñar modelos tan icónicos como o Audi TT. Doutra banda, en 2021, Kia anunciou a súa nova filosofía de deseño e a nova identidade de marca, que incorporan os novos modelos, como é o caso do noso eléctrico EV6 que foi o primeiro modelo en dispoñer da nova imaxe así como da nova plataforma para eléctricos de Kia (EGMP). Na actualidade a estratexia de Kia enfócase no deseño, a calidade e en proporcionar tecnoloxía *premium*.

**SM: O goberno anunciou que vai revisar o Plan Moves III en colaboración co sector, que agardas desta proposta?**

E. D.: Considero que é fundamental que o Executivo traballe dende o principio co sector para poñer en marcha puntos de mellora de futuras reedicións do Moves. Entre estas melloras están a harmonización fiscal, dar incentivos a quen se pase ao eléctrico, como a dedución dun 15% no IRPF que xa se deu, que o comprador leve o desconto en factura ou axudar ás Comunidades

Autónomas a mellorar a súa xestión, entre outras.

**SM: Que opinas da continuidade dos coches con motor de combustión máis aló do 2035?**

E. D.: Creo que as marcas fixeron un investimento moi importante en electrificación para cumprir coa normativa europea e no caso concreto de Kia, contamos cunha aposta pola mobilidade eléctrica moi importante de aquí a 2027, co lanzamento de quince novos modelos EV. É por iso, que creo que a UE debe ser coherente coas esixencias fixadas e o esforzo que realizaron os fabricantes ata o de agora para remar todos na mesma dirección.

**SM: Este ano debería comezar a implantarse as Zonas de Baixas Emisións (ZBE), cres que será un revulsivo para a compra de coches electrificados?**

E. D.: É importante que se implementen as ZBE dunha vez, porque levamos moitos anos de atraso. Apenas vinte cidades téñenas en marcha das 149 que as terían que ter xa activadas.

**SM: Que opinas da chegada dos fabricantes chineses?**

E. D.: Coido que é algo positivo e lóxico que xurdan novos competidores. Dende Kia centrámonos na nosa estratexia e no noso valor como marca. Esta é a mellor forma de ser un bo xogador no panel do mercado da automoción. A competencia sa é boa para todos os actores do sector do automóbil.



*Prepárate,  
que chega o*

# SORTEO

*de dúas*  
**TELEVISIONS**  
*de*

Compostela  
Monumental

COMERCIO DO CASCO HISTÓRICO

MAIO  
*mes da*  
NAI

Se fas as túas compras durante todo o mes de maio nos establecementos asociados a Compostela Monumental, na zona histórica de Santiago, poderás ganar unha das dúas televisións que sortearemos entre todos os nosos clientes.

Por cada compra realizada nun establecemento asociado recibirás un boleto de participación e, ademais, se esta é superior a 15 euros, terás aparcadoiro gratuito no Parking Galeras La Catedral.



Proxecto cofinanciado por:



## Dous Ioniq 5 N de serie participarán en Pikes Peak

■ BRAIS GARCÍA | TEXTO ■ SPRINT MOTOR | FOTO

Hyundai participará na 102ª edición da Pikes Peak International Hill Climb (PPIHC) o 23 de xuño. Dous Ioniq 5 N de 650 cabalos perseguirán o récord dun SUV/Crossover eléctrico de serie como parte dun equipo de catro coches.

"Volvemos á montaña máis fortes do que a deixamos, cun SUV eléctrico líder na súa clase en forma de Ioniq 5 N", dixo Till Wartenberg, Head de N Brand e Motorsport. Hyundai ten un historial de probas de novas tecnoloxías e produtos en Pikes Peak que se remonta a 1992 e Ioniq 5 N traslada ese concepto aos coches eléctricos de altas prestacións". Este modelo con prestacións de serie amosará o que os clientes poden esperar dos seus vehículos".

Os condutores dos vehículos Ioniq 5 N que van a polo récord de SUV/Crossover eléctrico de serie son Paul Dallenbach e Ron Zaras. Dallenbach gañou en once ocasións o PPIHC e estableceu un récord xeral en 1993. Zaras é un novato no PPIHC e o membro máis recente do equipo. Zaras, unha personalidade dos medios de comunicación e antigo executivo de Hoonigan, foi elixido recentemente para mostrar a historia dun entusiasta do automobilismo que se prepara para este enorme reto de competir en Pikes Peak.

Ademais, Hyundai estreará un Ioniq 5 N con equipamento modificado para competir no PPIHC antes das 24h Adac Ravenol de Nürburgring o 30 deste mes. Dous destes modelos Ioniq 5 N adicionais serán pilotados por Dani Sordo e Robin Shute. Shute é catro veces gañador absoluto e posuidor do título de Rei da Montaña en Pikes Peak. Sordo é piloto español do Campionato do Mundo de Ralis para Hyundai Motorsport.



Hyundai optou por bater o récord do PPIHC Electric Production SUV/Crossover cun Ioniq 5 N porque encarna a capacidade en circuíto de todo vehículo N de altas prestacións. Ioniq 5 N probouse en temperaturas e lugares extremos e se desenvolveu e puxo a punto especificamente no circuíto de Nürburgring Nordschleife para mellorar

a súa capacidade en circuíto. Está apoiado por tecnoloxías como melloras estruturais, eixos motrices integrados inspirados no Campionato do Mundo de Ralis, maior xestión térmica, freos con axuste N e unha forza rexenerativa de freada líder no sector de 0,6 G.

Debido ao rigoroso proceso de probas só se realizaron pequenas actualizacións

para cumprir as normas desde o punto de vista da seguridade. O asento do condutor substituíuse por un asento Recaro Prol Racer SPA Hans. Os cintos de seguridade son Sabelt de seis puntos compatibles con Hans. Retiráronse os asentos traseiros e instalouse unha gaiola antienvorco e un sistema de extinción de incendios.



Especificacións		IONIQ 5 N
Potencia do motor	Frontal	166 kW / 226cv
	Traseira	282 kW / 383cv
	Produción total	448 kW / 609cv
	N Grin Boost output	478 kW / 650cv (Frontal: 175 kW, 238cv / Traseira: 303 kW, 412cv)
Batería	Capacidade	84 kWh
Carga	Velocidade de carga	238kW (cando o conectas a cargadores DC de hasta 350 kW)
	Tempo de carga	10% a 80% en 18 minutos
Dimensións	Lonxitude	4.715 mm
	Ancho	1.940 mm
	Alto	1.538 mm
	Distancia entre eixos	3.000 mm
Roda		V107 275/35R21
Sistema de freada	Frontal	4-pistóns (40 cm)
	Traseira	1-pistón (36 cm)
Freada rexenerativa	deceleración	0.6 g (0.2 g durante ABS activo)
0 - 100 km/h		Aprox. 3,5" (con N Launch Control e a función Grin Boost)
Velocidade máxima		260 km/h (limitada electronicamente)



HASTA  
**10** AÑOS DE GARANTÍA\*  
10 ANOS DE GARANTIA  
LEXUS RELAX

# LBX

EVERYDAY EXTRAORDINARY



## NUEVO LEXUS LBX POR 250€/MES

48 cuotas. Entrada: 6.906,30€. Última Cuota: 21.461,65€.  
TIN: 8,50%. \*TAE:9,84%.

### LEXUS GALICIA-BREOGAN AUTOLUX S.L.

Avda. das Mariñas, 288 - Perillo - Oleiros (A Coruña) - Tel. 981 160 444  
Ctra. de Camposancos, 141. Nave 3 - Vigo - Tel. 986 203 320  
Ctra. de la Coruña, Km. 36/38 - Lugo - Tel. 982 264 246  
[www.lexusauto.es/a-coruna](http://www.lexusauto.es/a-coruna)

Lexus LBX ELEGANT MY24. Emisiones CO<sub>2</sub> (g/km): 103. Consumo medio (l/100 km): 4,5.



\*Lexus LBX ELEGANT MY24. Precio por financiar: 31.500 € con Lexus Privilege. PVP al contado sin servicios: 34.300 €. Entrada: 6.906,30 €. TIN: 8,50%. TAE: 9,84%. 49 meses: 48 cuotas de 250 €/mes y última cuota: 21.461,65 €. Comisión de apertura financiada (2,99%): 735,35 €. Precio Total a Pagar: 40.367,95 €. Importe Total de Crédito: 25.329,05 €. Importe Total Adeudado: 33.461,65 €. Coste Total de Crédito: 8.867,95 €. Importe de Intereses: 8.132,60 €. Sistema de Amortización Francés. Oferta conjunta de Lexus España y Toyota KreditBank GmbH (sucesor en España con el producto Lexus Privilege). Capital mínimo a financiar: 20.000 €. El producto Lexus Privilege le permitirá, al finalizar el plazo, cambiar su LBX ELEGANT MY24 por un nuevo Lexus, devolviéndolo sin gastos adicionales o quedárselo pagando o refinanciando la última cuota siempre que se cumplan las condiciones establecidas en el contrato. Oferta válida en Península y Baleares. IVA, transporte, impuesto de matriculación y campaña promocional incluidos. Hasta 10 años o 165.000 km de Garantía con Lexus Relax. Consulte términos y condiciones en [www.lexusauto.es](http://www.lexusauto.es). Otros gastos de matriculación, pintura metalizada y equipamiento opcional no incluidos. Oferta válida hasta el 31/05/2024. Promoción no acumulable a otras ofertas o descuentos. Modelo visualizado puede no corresponder con el modelo ofertado. Para más información, o si está interesado en los valores de un vehículo con dinero sobrado, por favor contacte con la División de LEXUS de Toyota España S.L.U. o su Concesionario LEXUS.